

ENTREVISTA

Así se chamará, OS ESCRITORES LUCENSES ARREDOR DE FOLE, e será a homenaxe póstuma que a xente de letras desta provincia lle rende ó home que mellor soubo comprender a Cidade e a montaña; a Don Anxel Fole Sánchez, que nos deixou orfos da súa persoa e da súa pluma neste 1986.



Adolfo de Abel Vilela, Xesús Alonso Montero, Valentín Arias López, Alvaro de Arce Temes, Carlos de Arce Vázquez, Alejandro Armesto Buz, Manuel Blanco Castro, Bocelo (Pedro de Llano López), Darío Xoán Cabana Yañez, Eloi Caldeiro Díaz, María Pilar Campo Domínguez (Marica), Ricardo Carballo Calero, Xosé Manoel Carballo Ferreiuero, Benxamin Casal Vila, José de Cora Paradela, Evaristo Correa Caldeón, Xaiver Costa Clavell, Antonio Costa Gómez, Xosé María Costa Gómez, Xosé Díaz Jácome, Isaac Díaz Pardo, Lois Diéguez Vázquez, Marino Dónega Rozas, Miguel Anxo Fernández Vello, Francisco Fernández del Riego, Manuel María Fernández Teixeira, Xosé Fernando Filgueira Valverde, Antonio Fraguas e Fraguas, Dionisio Gamallo Fierros, Xosé Lois García, Xosé Antón García Cotarelo, Pilar García Negro, José Gayoso Veiga, Carlos González Reigosa, Camilo Gómez Torres, Camilo Gonsar-Suárez Llanos, Marcial González Vigo, Antón Grande Penelas, Ernesto Guerra da Cal, Eduardo Gutiérrez Fernández, Manuel Hermida Baladfo, Araceli Herrero Figueroa, Enrique Iglesias Alvarellos, Francisco Leal Insua, Margarita Ledo Andiñón, Antonio López Acuña, Xaime Félix López Arias, Xosé Antón López Dobao, Víctor López Villarabid, Basilio Losada Castro, Manuel Lourenzo, Luis Maquieira Quiroga, Paco Martín, Manel Celso Matalobos Cerceda, Francisco Mayán Fernández, Luis Moure Mariño, Manuel Xosé Neira López, Miguel Anxo Murado, Uxío Novoneira, Gerino Núñez, Fernando Onega, José Ramón Onega, Narciso Peinado, Ramón Pernas López, Lois Pereiro, Lois Xosé Pereira, Ramón Piñeiro López, Luz Pozo Garza, Xesús Rábade Paredes, Ramón Reimunde Noreña, Nicanor Rielo Carballo, Francisco Rivera Cela, Xavier Rodríguez Barrio, Claudio Rodríguez Fer, Manuel Rodríguez López, Luis Rodríguez Rodríguez, Alfredo Sánchez Carro, Antón Santamarina Delgado, Juan Soto Gutiérrez, Lois Tobio Fernández, Xosé Trapero Pardo, José Tuñas Bouzón, Xesús Valcárcel, Xulio Valcárcel, Fiz Vergara Vilariño, Helena Villar Janeiro, Ramon Villares Paz, Antonio Yebra de Ares.

90 escritores sobre FOLE

Xulio Xiz



■ Son 90 en total os escritores que participan neste libro colectivo que vai ve-la luz o próximo mes de outubro, coincidindo coas festas patronais do San Froilán, e que vai propiciar tamén un ENCONTRO de escritores lucenses. Considerando como tales, dunha banda os autores dun ou máis libros, e doutra non só ós que naceron na provincia de Lugo senón tamén ós que aquí viviron e crearon parte da súa obra. Son noventa plumas falando do home ou do autor, de Fole ou con Fole.

Só por orixen, xa Lugo lle debía unha homenaxe a Fole. «Eu nacín en Lugo», díxonos hai agora un ano. «Nacín en Lugo nunha casa que non hai xa, que é precisamente onde está agora a casa que ocupou Radio Lugo. Había unha casa que ti-

cociña cunha gran cambota e pilastras de granito. Era de varios señores, entre eles de meu pai. E parece que meu



Un dos praceres máis grandes da vida é a conversa



pai tiña máis que os outros e tivéronlla que vender. Ali nacín eu. Logo, fun vivir a unha casa da miña familia onde hoxe está a Escola de Veterinaria, pouco máis ou menos, onde está a granxa de Fingoi, que lle chamaban a Casa de Orbán e era propiedade tradicional da miña familia paterna».

Homenaxe lle debía Lugo pola súa devoción hacia esta cidade: «As cidades forman contraste. E curiosísimo. Unhas gustan por unha cousa e outras por outra. O Lugo da miña infancia parecíame bonito. Máis bonitas as plazas que as rúas. En Lugo, había, precisamente dúas cousas que me impresionaban: O Monumento da Muralla e o Val do Miño. E sempre as lembraba cando me achaba fora».

—E o Lugo de hoxe, Don Anxel?

—«Cambian as cousas co tempo, verdá... Vense moitas caras descoñecidas... Antes, había moito tipo pintoresco —perennes na lembranza— que foron desaparecendo. Ven xente nova e xa se atopa un máis despistado. Si, señor! O pueblo de Lugo sempre me pareceu así, tolerante. E moi propenso ó humor e á gracia. Sere-

mo. Sempre me pareceu así».

E Lugo rindeulle homenaxe, por nacemento, por querencia, pola súa obra, por esa vida adicada a Galicia, por esa preocupación polo popular: «A fala é o que se fala, sí señor... A min o galego entroume polo oído máis que polos ollos. Entroume oindo cantar e oindo contar. O canto e o conto, que son os elementos primitivos de toda literatura. Ou se canta ou se conta. Eso queda para sempre. Sí, señor».

A homenaxe —o Concello xa lle tiña adicada unha rúa— foi no 1985— nomeallo FILLO PREDILECTO DA CIDADE DE LUGO, e adicar-



O galego entroume máis polo oído ca polos ollos



lle a SEMANA BIBLIOGRAFICA DAS LINGUAS IBERICAS, cunha edición especial de TERRA BRAVA e unha medalla en cerámica de Sargadelos.

Xa a súa saúde non lle permitiu asistir.

—Don Anxel... ¿Podemos contar con vostede para algún acto?

—«Xa veremos, xa veremos, porque me dixeron que salise o menos posible da casa, que non subise nin baixase as escaleiras... que non salise afora porque podía sufrir unha cousa traumática».

Eu coido que a don Anxel, aló enriba, lle vai gustar o libro deses 90 escritores desta terra que falan con él. Porque, verdadeiramente, é coma unha conversa de noventa admiradores, anque sexa en soliloquio, co grande mestre desaparecido.

«Para mín —díxome Fole hai un ano— un dos praceres do mundo, un dos máis importantes motivos de satisfacción é a conversa con persoas que digan cousas interesantes. Non a cambeo por nada. Gústame conversar coa xente, cada vez me gusta máis».

Será unha conversa, Don Anxel... Vostede a escoitar, 90 amigos a lle falar; e vostede a sorrir, e a decir, cicais: «Sí, señor... ¡Qué bonito!... Hay que ver que cosas dicen de mí estos chicos!»

90 escritores

90 son escritores lucenses que participan na homenaxe a Fole, no libro OS ESCRITORES LUCENSES ARREDOR DE FOLE, que vai ser publicado coincidindo co SAN FROILAN 86. Son os seguintes:

O Lugo da miña infancia parecíame bonito

ña traza de pazo antigo, con dous corredores con varillas de ferro, corridos, grandes; que tiña unha gran

